

SESIÓN ORDINARIA DE 28 DE ABRIL DE 2016

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:15 minutos do día 28 de abril de 2016 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Antonio López Pérez, D. Jesús Fernández García, D^a María José Martínez Vigo, D^a Tania Díaz Seijas, D. Xosé Ferreiro Fernández, D. Francisco Xabier Molinos Campos, D^a Juana Romero García, D^a Magdalena Ron Villar e D^a María Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, e á vista da credención remitida pola que a Concelleira dona Juana Romero García e da declaración correspondente ao rexistro de bens e de actividades, o Presidente pregúntalle:

Juana Romero García, ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Si, prometo.

Unha vez tomada posesión a concelleira, e logo que o Alcalde lle deu a benvida ao Pleno Corporativo, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DE 30 DE DECEMBRO DE 2015 E 25 DE FEBREIRO DE 2016

Ponse de manifesto aos membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 30 de decembro de 2015 e 25 de febreiro de 2016.

Non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación das actas citadas.

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

2.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario expón a seguinte proposta de rectificación do inventario municipal de ben e dereitos:

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 173

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: Norte, de herdeiros de María Fernández e a parcela A) procedente de igual leira matriz; Sur, coa parcela C) procedente de igual leira matriz; Este, con camiño público (pista de Robra a Bonxe) e Oeste, coa finca matriz.

SUPERFICIE: 73,28 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 11 de febreiro de 2.016

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade finca matriz: Finca 9158, Folio 130, Tomo 1087, Libro, 81.

PORCIÓN VIAL Nº 174

CABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN O MATO – CABOI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOI

Núcleo/lugar: O MATO

Lindeiros: Norte, Asociación Veciñal Os Coutos de San Martiño de Caboi e camiño, Sur, resto de leira matriz ; Este, camiño ; Oeste, coa finca matriz.

SUPERFICIE: 273 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 11 de febreiro de 2.016

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta.

PORCIÓN VIAL Nº 175

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN PAPE

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: PAPE

Lindeiros:

“UNO.- PORCIÓN DE TERRENO, destinada a ampliación de vial, de la superficie aproximada de doscientos cincuenta y dos metros cuadrados, que linda: Norte, finca de donde se segrega; Sur y Este, vial; y Oeste, José Gómez Gómez”.

SUPERFICIE: 252 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística descrita en la escritura autorizada por el Notario José Antonio Caneda Goyanes con fecha de 16 de marzo de 2016 y núm. de protocolo 533.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscripción.

PORCIÓN VIAL Nº 176

MARTUL

NOME: PORCIÓN VIAL EN CARTEL

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MARTUL

Núcleo/lugar: CARTEL

Lindeiros: norte, sur e leste, camiño público; oeste, parcela 618 do polígono 58.

SUPERFICIE: 34 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística da parcela 620 do polígono 58, de data de 30 de marzo de 2016

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

PORCIÓN VIAL Nº 177

MARTUL

NOME: PORCIÓN VIAL EN MARTUL

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MARTUL

Núcleo/lugar: MARTUL

Lindeiros: norte, Regina María Luisa Franco Meilán e Antonio López Pena (parcela 13); Sur, José Eliseo Real Branco (parcela 11); Leste, camiño público e Oeste, coa finca matriz.

SUPERFICIE: 135 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística da parcela 12 do polígono 57, de data de 10 de marzo de 2016

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

VIAL Nº 66

GAIOSO

NOME:

camiño en Santo Tomé

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia de Gaioso, barrio Santo Tomé,

DESCRIPCIÓN:

Se trata de un tramo de camiño asfaltado, que discurre a través da parcela 1 do polígono 33, cunha lonxitude de 245 ml, e un ancho medio asfaltado de 4 ml. e un ancho medio total de 8 ml., reportando unha superficie total de 1960 m2, e que resposta á seguinte descripción:

Norte: CP. 0706, de Friol a Begonte, catastrada como Polígono 164 Parcela 9018.

Sur: resto de trama viaria municipal, catastrada como Polígono 33, parcela 9005.

Leste e Oeste, restante parcela 1 do polígono 33.

REF. CATASTRAL: Se identifica como uso “i”, dentro da descripción catastral da parcela 1 do polígono 33. Como camiño público en trámites de rexistro catastral

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial”.

Non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación da proposta de rectificación do inventario.

Realizada a votación, a proposta de rectificación resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e cinco abstencións pertencentes aos concelleiros dos restantes grupos políticos.

3.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Iníciase o punto da orde do día coa seguinte proposta de resolución:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS.

D. José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, visto que existen facturas correspondentes a bens e servizos efectivamente recibidos no exercicio 2015, que non foron imputadas ao orzamento municipal por falta de consignación orzamentaria, propónse ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

A aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, por un importe de 52.132,74 euros, das facturas incorporadas no expediente.

En Outeiro de Rei, a 25 de abril de 2016”.

O Alcalde intervén para dicir que se levan ao pleno facturas por un importe de 52.132,74 euros para sometelas ao recoñecemento extraxudicial de créditos. Este trámite xustifícase, segundo o rexedor, porque non se fixo ningunha modificación de crédito ao longo do ano anterior, motivo polo cal as ditas facturas non encaixan nas partidas orzamentarias aprobadas.

Logo desta breve introdución o sr. Pardo dá a palabra ao representante do BNG quen asegura que recibiron o informe da interventora pero non as facturas aínda que si estaban á súa disposición. A continuación fai fincapé no feito de que este procedemento de recoñecemento extraxudicial para validar facturas é totalmente extraordinario pero admite que, tendo en conta que tanto os traballos como os servizos se fixeron, non se debe prexudicar a quen levou a cago estes traballos. Recoñece que foi un erro da alcaldía e que no futuro se debe tratar de evitar acudir a este mecanismo xa que se trata dunha falta de previsión que se debe corrixir, sexa modificando o crédito sexa prevendo o gasto de maneira máis axeitada.

A continuación intervén a concelleira de Foro Lugo que se queixa porque, segundo di, non recibiu a información completa sobre este asunto. Apunta que o importe das facturas ascende a preto de 70.000 euros e pregúntase se hai 7 meses o Alcalde dicía que había un colchón de 400.000 euros e equilibrio orzamentario, por que agora se acode a este método. A concelleira acusa ao Alcalde de non ter feito unha boa xestión das arcas municipais e de pretender “cubrirse as costas” con este recoñecemento extraxudicial. Alude tamén ao informe da interventora do que di que ten un contido exclusivamente xurídico e no que se xustifica este procedemento para evitar prexuízos a terceiros e enriquecemento inxusto do Concello. Acusa ao Alcalde de “non ter feito os deberes” xa que amparou un gasto que é irregular por falta de crédito orzamentario. Tamén manifesta a concelleira as súas dúbidas sobre o cumprimento dos trámites legais necesarios para levar a cabo este recoñecemento e sostén que as contas do ano 2015 “se cadraron a machete”.

Tras varias advertencias por parte do Alcalde por estenderse demasiado na súa quenda de intervención, o rexedor finalmente retiroulle a palabra á concelleira.

Deseguido intervén a representante do PSOE para facer preguntas relativas a varias facturas que di non entender.

O Alcalde na súa quenda de intervención contéstalle á concelleira socialista e dille que as facturas relativas ao centro médico polas que preguntou, refírense a obrigas do

Concello. En canto á factura relativa ao estudo da subministración eléctrica, pola que tamén se interesou, contestoulle o rexedor explicando que se trataba dun estudo das taxas das compañías eléctricas e que se tiña encargado para avaliar a liquidación que estas practican e co fin de rebaixar a cantidade que se paga por este concepto. Polo que se refire á factura relativa a temas de modificación urbanística, entende o Alcalde que se trata dun prezo axustado ao mercado e subliña que todas as facturas incluídas na listaxe responden a traballos legais que se levaron a cabo, motivo polo que non existe ningunha irregularidade.

En canto á manifestación da concelleira de Foro Lugo, di o Alcalde que supón que a cantidade estará ben sumada pero, se non fora así, trataríase dun erro emendable. Engade o rexedor que levar 50.000 euros a recoñecemento extraxudicial nun orzamento de 5 millóns de euros, é razoable e xustifícase plenamente porque o fin último era garantir que as obras e os servizos municipais se seguiran a prestar e que os veciños non se viran prexudicados por temas administrativos.

Afeoulle o Alcalde á concelleira de Foro Lugo que dixera que “as contas se cerraban a machete” porque di o rexedor “é totalmente falso e non lle acepto esa expresión porque as contas non as cerra o alcalde senón que as cerra especialistas e técnicos xurídicos e económicos”.

O sr. Pardo asegurou que no Concello de Outeiro de Rei non se gasta máis do que se ingresa, que ese é un problema que lle afecta a outras administracións pero non á que el preside e, finalmente, pídelles aos concelleiros que fagan un uso razoable do tempo para beneficio de todos e para evitar a fixación regulamentaria dos límites temporais que hai noutras entidades.

Intervén de novo o sr. Ferreiro polo BNG para matizar que non queren poñer atrancos ao pagamento xa que a súa formación abstense unicamente no concepto por entender que é un procedemento excepcional que se debe evitar sempre que sexa posible.

A representante de Foro Lugo acusou ao sr. Pardo de non saber o que era o orzamento e o Alcalde contestoulle dicindo que ao Pleno non se vai para aprender senón para facer política e logo de recoñecer que lle gustaría non ter necesidade de recoñecer extraxudicialmente ningunha factura, repetiu que era unha cantidade pequena e que se xustificaba para evitar prexuízos ou retrasos aos veciños na prestación dos servizos municipais.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e cinco abstencións, pertencentes aos concelleiros dos restantes grupos políticos.

CUESTIÓN DE FORMA

Intervén o sr. Ferreiro para dicir que non coñecen todos os asuntos que van na

orde do día e, polo tanto, vense obrigados a intervir sen poder preparar os temas. O Alcalde manifesta que sería conveniente adobar o acordo de esixir que as mocións se deban presentar antes de pechar a orde do día e as que se presenten logo deste trámite, deberían quedar para o pleno seguinte. Engade o rexedor que se debería presentar como norma unha moción por grupo agás casos excepcionais, co fin de optimizar o tempo e facer os plenos operativos e razoables en canto á súa duración. O sr. Pardo suxire que este acordo se adopte de xeito voluntario co fin de evitar un regulamento que sería máis limitativo.

O BNG decántase por fixar dúas mocións por Pleno, susceptibles de seren reducidas no caso de que todos os grupos fagan uso desta posibilidade e os plenos se estendan demasiado.

O Alcalde responde a esta proposta puntualizando que se hai máis mocións deben durar menos para que os plenos sexan operativos.

Neste intre a concelleira Tania Díaz Seijas abandona a sesión.

4.- MOCIÓN DO BNG

A continuación, o voceiro do grupo municipal do BNG asume a defensa da moción presentada polo seu grupo con data de rexistro de entrada de 22 de abril de 2016, e número de rexistro 1293, do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA A ELABORACIÓN DUN PROTOCOLO PARA A REGULACIÓN DA PUBLICIDADE DAS ACCIÓNS DE GOBERNO NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Á hora de avaliar o talante democrático dun dirixente político ou de cómo funciona en termos democráticos unha administración pública, resulta de vital importancia observar como se publicita ou como se transmite ao conxunto da poboación así como ás demais organizacións políticas da oposición, os documentos que executan as accións de goberno así como todo o que respecta ao funcionamento do goberno en cuestión.

No concello de Outeiro está claro que esta é unha das principais eivas existentes. O feito de que os Plenos da Corporación se celebren nun día laborábel e ás 13:00 horas xa é a primeira proba do intento de ocultación da información por parte do Alcalde ao conxunto da cidadanía.

Outra proba evidente desta falta de transparencia e talante democrático está no feito de que para conseguir que as actas das Xuntas de Goberno foran entregadas aos demais concelleiros e concelleiras da oposición houbo que ameazar ao Alcalde con

recorrer ao xulgado, pois aínda que a lei o abriga a entregalas nun prazo de 10 días, nunca o fixera ata o de agora. Aínda así, segue sen cumprirse a condición legal de entregala nos 10 días seguintes.

Ademais de todo isto, estas actas fundamentais para coñecer o que se decide no concello, non son publicitadas en ningún medio municipal, polo que tampouco son coñecidas polo conxunto da cidadanía, non chegando a poñelas nin tan sequera no taboleiro de anuncios do concello.

En canto aos decretos da alcaldía a situación é aínda peor. Teoricamente dáse conta en cada Pleno deles pero a realidade é que estes decretos non son coñecidos por ninguén. Aos membros da oposición pásanselle, previa solicitude por escrito e cando ao Alcalde lle parece oportuno, uns arquivos sen asinar e sen número de orde, sendo practicamente imposible ter acceso aos decretos orixinais, por moito que se intente.

Loxicamente, se os membros da corporación pertencentes á oposición teñen estes problemas para poder fiscalizar estes Decretos, a cidadanía en xeral non ten ningunha posibilidade de poder nin tan sequera velos.

A todo isto hai que engadir o total oscurantismo de todos os procesos de contratación, tanto de persoal fixo ou eventual como das obras ou servizos. Dedúcese así que o concello de Outeiro de Rei é un dos concellos con menos transparencia na xestión e con máis deficiencias democráticas do noso país.

Neste momento, coa situación social, económica e política que estamos a vivir, que nunha administración non se permita que toda a cidadanía, ademais dos membros da oposición, teñan un acceso total, público e sen restrición a toda a documentación que acompaña a acción de goberno é de todo intolerábel e non é entendíbel agás que haxa causas que agachar á cidadanía.

Por todo iso e sempre na liza de facer propostas para que Outeiro de Rei se converta nun concello punteiro en todos e cada un dos aspectos relevantes para a convivencia, dende o BNG PROPOÑEMOS ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte

MOCIÓN:

Todas as accións de goberno, actas de Xuntas de Goberno, Decretos de Alcaldía así como documentos de todo tipo relacionados coas accións de goberno, serán publicitados de xeito inmediato á súa promulgación por todos os medios ao alcance do concello de Outeiro de Rei e durante un tempo mínimo de 20 días.

En concreto, sen descartar outros medios que tamén poidan ser efectivos, esta información porase inmediateamente, e durante este prazo mínimo, nos seguintes medios:

1No taboleiro de anuncios do concello, de forma que non poida ser "escondida" e non poida "desaparecer". Cando se coloque no taboleiro esa documentación levará incluída a data na que se coloca así como a data mínima ata a que estará exposta.

2Esta mesma documentación tamén se enviará as parroquias para que os correspondentes pedáneos procedan a darlles publicidade polos máximos medios posíbeis.

3Ao mesmo tempo, e tamén de xeito inmediato, colgarase directamente na páxina web, facéndoo ademais nun apartado que sexa de fácil acceso para calquera tipo de usuario.

4Tamén se lle enviará inmediateamente por correo electrónico a todas aquelas veciñas e veciños que o soliciten ou estean inscritos nas listas de distribución creadas a tal efecto.

5Cando os temas tratados sexan de especial relevancia, pódese incluír esta información nas publicacións de propaganda partidaria que o concello publica periodicamente e manda a todos os domicilios do concello.

6Toda esta información que debe ser coñecida por toda a cidadanía interesada, tamén será enviada a todos os membros da corporación, do goberno e da oposición, para o seu coñecemento inmediato.

En Outeiro de Rei, a 21 de abril de 2016”

O representante do BNG pide que o Concello de Outeiro de Rei sexa máis transparente e para iso propón que se adapte o horario dos plenos á dispoñibilidade dos veciños para que poidan acudir ás sesións. Solicita tamén que a web institucional sexa unha ferramenta útil e non unha páxina de propaganda e solicita un acceso máis amplo ás actas das xuntas de goberno e ós decretos. Para estes efectos, entende o concelleiro nacionalista que esa información debería chegar á oposición e aos veciños en cumprimento da Lei de Transparencia e como exercicio de boa imaxe. Matiza Ferreiro que se trata dunha moción construtiva coa se trata de ir por diante mesmo das esixencias legais.

As representantes de Foro Lugo e do PSOE manifestan o seu acordo coa moción do BNG.

O Alcalde asegura que o Concello de Outeiro de Rei foi un pioneiro no desenvolvemento da transparencia mesmo antes de que a lei a esixira. Referiuse como exemplo aos plenos, que se poden ver integramente; ás obras desenvolvidas para substituír cerramentos herméticos por paredes de cristal no salón de plenos e á web, da que di ser unha páxina unicamente informativa e non propagandística.

Puntualiza o rexedor que a transmisión de toda a información, tal como solicita o concelleiro nacionalista, vulneraría a Lei de Protección de Datos. Neste punto intervén o secretario para abundar neste posible incumprimento normativo.

Polo que respecta ás actas e decretos, di o Alcalde que están á disposición dos concelleiros e que as reciben nun *pen*, polo que entende que as esixencias previstas na dita lei están debidamente cumpridas.

O representante do BNG intervén de novo para dicir que noutras administración esta información fáiselle chegar aos representantes da oposición e que isto facilitaría o desenvolvemento do seu labor e evitaría desprazamentos innecesarios. Reivindica de novo o envío de información ás parroquias para facilitar o acceso de todos os veciños á xestión municipal, incluídos os que non poden navegar por internet. O concelleiro, porén, valora positivamente as medidas postas en marcha ata a data para acadar este obxectivo.

O sr. Pardo asegura que ese acceso á información que o sr. Ferreiro asegura que se dá noutras administracións como a Deputación de Lugo, non é tal ou non era así ata hai moi pouco e engade que as actas facilítanse tan pronto como están redactadas. Asegura o Alcalde que non ten inconveniente en facer envíos de información por correo electrónico sempre e cando se respecte a legalidade e remata dicindo que se estudará a proposta do BNG malia que neste momento non sexa posible votar a favor ata ter todos os datos para emitir un pronunciamento rigoroso.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción.

Realizada a votación, a moción resulta a rexeitada con sete votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos restantes grupos políticos municipais.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á CONSOLIDACIÓN, RESTAURACIÓN, CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DAS TORRES DE SOBRADA E TABOI

A continuación, o voceiro do grupo municipal do BNG asume a defensa da moción presentada polo seu grupo con data de rexistro de entrada de 22 de abril de 2016, e número de rexistro 1294, do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández, con D.l.:33 307 083R e Francisco Xabier Molinos Campos, con D.l.:32 764692L, concelleiros pertencentes ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA Á CONSOLIDACIÓN, RESTAURACIÓN, CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DAS TORRES DE SOBRADA E TABOI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente a fortaleza de Taboi foi incluída na Lista Vermella do Patrimonio elaborada pola Asociación Hispania Nostra debido o seu grave deterioro. A torre de Sobrada tamén presenta un estado deficiente de conservación. As dúas aparecen no Inventario Xeral do Patrimonio de Galicia do 2012, a Torre de Taboi co código: RI.000020116 e o Castelo de Sobrada co código:RI.000020105, polo cal teñen a consideración de bens que merecen ser conservados e polo que parece este goberno municipal, e tamén os anteriores, ignóranos.

Da Torre de Sobrada de Aguiar podemos dicir , segundo López Ferreiro, que Fernán Pérez de Ribadeneira quixo fortificar a súa casa de Sobrada de Aguiar a dúas leguas de Lugo, esto entendeuno o Conde de Lemos coma unha provocación, enviándolle este un mensaxeiro convidando á suspensión da obra, o que fixo que o Ribadeneira demandase axuda de xeito que se xuntou case toda a nobreza de Galiza contra o Conde de Lemos e as obras proseguiron. Esta fortaleza foi afectada pola Gran Guerra Irmandiña (1467-69) e só nos queda en pé o que sería a torre da homenaxe.

A torre, fabricada con cachotería de lousa, é de forma cadrada e mide 9'35 metros de lado e 15 metros de altura. Presenta tres corpos ou pisos, así como ventás de granito e antano unha porta tamén de pedra granítica que sen dúbida poñía en comunicación a torre co Pazo de Sobrada, a uns metros.

Da Torre de Taboi dicir que foi o primitivo solar dos Saavedra, cuxa doazón fixo o Rei Sancho I a Fernán Arias Saavedra a comezos do segundo milenio. Segundo Vázquez Seijas cara finais do século XVI xa recibiu traballos de conservación, momento no que contaba non só con torres senón tamén con foxos, ponte levadiza e outros elementos. Cando o autor sinalado publicou a súa obra Fortalezas de Lugo y su provincia (1955) xa presentaba mal aspecto, aínda que sen chegar ao grave abandono da actualidade.

Do Pazo-Torre de Taboi só resta en pé unha torre, feita en cachotería de lousa e chea ata un tercio de altura, aproximadamente, de cascallos. Presenta na fachada S.O. unha única porta de acceso que corresponde á desaparecida ponte levadiza, mentres que na parte alta S.E. hai unha pequena fiestra con lintel triangular de granito.

Despois desta escueta referencia a ambas torres, consideramos que é indiscutible a importancia que teñen e xunto coa súa contorna forman un conxunto histórico que ten un valor, tanto histórico como patrimonial, para o noso país indiscutíbel.

E tendo en conta o que di a Constitución Española, art. 46 “ Os poderes públicos garantizarán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade” e o Decreto de Protección dos Castelos (BOE 5/5/1949) no seu artigo 2 “Los Ayuntamientos en cuyo término municipal se conserven estos edificios son responsables de todo daño que pudiera sobrevenirles”

Consideramos que o noso Concello debe ser quen de restaurar as dúas torres, xa que así poderían facer de Outeiro de Rei referencia obrigada do medievo galego, atraendo visitantes de todas as zonas, ao mesmo tempo que sería unha actuación exemplar desde o punto de vista de respecto ao noso pasado e ao noso patrimonio.

Polo cal presentamos a seguinte

MOCIÓN

Que o Pleno do Concello de Outeiro de Rei acorde proceder á consolidación, restauración e posta en valor das torres de Taboi e Sobrada e da súa contorna por formar un conxunto arquitectónico inigualábel.

En Outeiro de Rei, a 21 de abril de 2016”

O representante do BNG reivindica a importancia patrimonial das dúas torres e denuncia o estado de abandono no se atopan. Critica o que cualifica como inacción deste goberno e dos anteriores e, logo de facer unha referencia histórica a estes dous elementos patrimoniais, reproduce varios textos normativos nos que se recollen as obrigas das administracións como garantas dos bens de carácter histórico-artístico.

Con base no antes dito, reclama a intervención do Concello de Outeiro de Rei para restaurar e poñer en valor estes dous referentes do medievo galego, o que segundo o concelleiro nacionalista sería unha actuación exemplar e respectuosa co noso patrimonio e co noso pasado. Xa que logo, pide que o pleno do Concello vote a favor da consolidación, restauración e posta en valor das dúas torres.

A voceira de Foro Lugo avala a dita petición.

A voceira do grupo municipal socialista afirma estar de acordo co contido da moción, e engande a propiedade da torre de Sobrada xa manifestou a súa conformidade coa posibilidade de chegar a un acordo para a súa restauración, e que a parroquia de Sobrada, que está moi castigada polo feísmo urbanístico, sairá beneficiada.

Deseguido intervén o Alcalde para matizar que hai dúas cuestións importantes neste tema: a propiedade das torres e o financiamento.

En canto ao primeiro asunto, o Alcalde comprométese a falar cos propietarios das torres como paso previo á adopción de calquera outra medida.

En canto ao segundo, fai fincapé o Alcalde en que el é totalmente partidario de recuperar as torres e calquera outra manifestación do noso patrimonio histórico-artístico pero que, como goberno responsable deben priorizar as necesidades dos veciños. Engade que, se recibe financiamento axeitado, está disposto a estudar e levar a cabo esa restauración. Nese senso refírese ao sr. Ferreiro como deputado delegado de Cultura da Deputación de Lugo e faille ver que se o organismo provincial colabora, este proxecto podería ser máis viable.

Logo desta quenda intervén o sr. Ferreiro por alusións para dicir que, malia que a Deputación non ten competencias na materia, o organismo provincial está elaborando un plan de recuperación e conservación de restos históricos da provincia para frear a destrución grave do noso patrimonio. Engade que se hai acordo interadministrativo, a Deputación fará as achegas que lle sexa posible para protexer o noso patrimonio.

A continuación intervén o outro representante do BNG para acusar ao Concello de pouca sensibilidade xa que esta moción xa se presentou hai 20 anos sen que se tomaran medidas para solucionar o problema. Rebatiu tamén a carencia de medios económicos e citou casos nos que, na súa opinión, houbo un uso inadecuado dos fondos públicos, citando de xeito especial á Cidade da Cultura. Finalmente lembrou a obriga legal do Concello de adoptar medidas cautelares para protexer o patrimonio que estea en perigo de destrución, recordándolle a obriga dos propietarios dos bens que forman parte do Patrimonio Cultural para realizar as actuacións de conservación que sexan precisas, así coma a obriga do Concello de executar de forma subsidiaria as actuacións de

conservación no suposto de incumprimento por parte da propiedade.

Polo tanto, a acordo cos propietarios non é unha excusa válida cando se trata de garantir a conservación do patrimonio cultural de tódolos galegos, xa que os intereses económicos duns concretos propietarios non se poden poñer por riba dos intereses xerais.

O sr. Pardo contestoulle ao concelleiro nacionalista dicindo que facer política é priorizar e que hai 20 anos era máis importante facer unha pista para chegar ás torres ca adoptar outras medidas. Porén, mostrou o seu acordo e desexo de restaurar eses elementos patrimoniais se os propietarios e o financiamento o permiten. Lembroulle ao sr. Ferreiro a conveniencia de facer ese plan de recuperación patrimonial contando cos concellos e non á marxe deles, buscando o acordo das entidades que mellor coñecen as súas necesidades e evitando imposicións alleas.

Con todo e malia compartir o fondo da moción, o Alcalde di non poder apoiála ata ter todos os datos precisos para levar a cabo o solicitado.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción.

Realizada a votación, a moción resulta a rexeitada con sete votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos restantes grupos políticos municipais.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO FORO LUGO INDEPENDIENTE RELATIVA AOS ORZAMENTOS XERAIS RELATIVOS AO EXERCIZO 2016

Acto seguido, iníciase a defensa da moción presentada pola voceira do grupo municipal Foro Lugo Independiente, con data de rexistro de 25 de abril de 2016, e número de rexistro 1302, do seguinte teor literal:

Mocion que presenta el grupo municipal foro lugo independiente de oureiro de re! Para su inclusión en el orden del día del próximo pleno del ayuntamiento, para que en el pleno de abril se presenten los presupuestos correspondientes a este año al igual y los de próximos años como fecha límite el mes diciembre del año anterior, todo ello al amparo de lo establecido por la ley 7/1985, de 02 abril, reguladora de las bases de régimen local y el real decreto 2568/1986, de 29 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de organización funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, artículo 97.3.-

DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR portavoz de (FLI) en esa Corporación Municipal, de acuerdo con el presente escrito, presenta la siguiente

MOCIÓN

EXPOSICIÓN MOTIVOS:

El artículo 162 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, define el presupuesto dentro del ámbito concreto de entidades locales como el documento en que se materializa y cuantifica el programa de gobierno de su presidente, debiendo de ser éste el principal impulsor en su elaboración como proceso ordenado de debate en el seno del equipo de gobierno y del pleno. La actividad presupuestaria constituye un acto de previsión, y dentro de esta previsión, una previsión normativa de elaboración y aprobación, suponiendo todo esto una idea de equilibrio entre gastos e ingresos tal y como contemplan el resto de articulado de la misma normativa con respecto al ámbito, al contenido, a los anexos, a la estructura, al procedimiento, a la publicidad, aprobación definitiva, entrada en vigor y consiguiente reclamación administrativa, en la cual entra en valor su legitimación y causas.

Ninguna administración como norma general y salvo circunstancias muy excepcionales espera a presentar sus presupuestos correspondientes al año en curso, al final del éste, ya cuando posiblemente, se encuentren agotados, como sucede en este Concello, lo que implica un grave incumplimiento de la normativa existente en esta materia, a la vez que una total indefensión al resto de grupos municipales y una falta de información a nuestro vecinos considerados a derecho de conocer donde se invierten sus impuestos.

Por lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Outeiro de Rei el debate y aprobación de la siguiente

MOCIÓN:

Que los presupuestos correspondientes al año 2016, sean elaborados para ser examinados con la debida antelación al Pleno del mes de Junio del año en curso, en el cual deberán ser debatidos y votada su aprobación, de igual modo, los presupuestos de los venideros años deberán ser expuestos para su aprobación definitiva por el Pleno de la corporación Municipal como fecha límite antes del 31 de Diciembre del año anterior al del ejercicio en que deba aplicarse. Todo ello acorde al cumplimiento del Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

En Outeiro de Rei a 14 de abril de 2016”

A representante de Foro Lugo di que ao Alcalde lle custa cumprir a lei e engade que a tardanza na elaboración dos orzamentos provoca un incumprimento normativo, indefensión aos grupos políticos e falla de información aos veciños. Por este motivo, di a concelleira, o orzamento do Concello débese elaborar con antelación suficiente para poder estudalo e *“debe ser antes do 31 de decembro do ano correspondente”*.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Xabier Molinos, afirma compartir o contido da moción.

O Alcalde contesta dicindo que se non se pode aprobar o orzamento no pleno de xuño, aprobarase o antes posible pero fai unha serie de puntualizacións con respecto ao

manifestado pola concelleira de Foro Lugo.

Di o sr. Pardo que para confeccionar o orzamento municipal hai que ter en conta as achegas doutras administración: a central, a autonómica e a provincial e se este dato se descoñece, hai dificultades obvias para facer un orzamento preciso e rigoroso. Afirma o rexedor que o goberno do PP presidido por Mariano Rajoy si aprobou o orzamento e é isto o que lle permite aos concellos saber a que aterse pero-engade-isto non sucede con outras administracións que, por diferentes motivos aínda non teñen aprobados os seus orzamentos.

Este feito condiciona severamente a actuación dos propios concellos e, na opinión de Pardo, ten pouco sentido esixirlles aos concellos unha actuación que non poden completar axeitadamente se lles falta a información que procede doutras instancias.

Subliña o Alcalde que o Concello de Outeirode Rei mantén o equilibrio entre ingresos e gastos, como o demostrou ao longo do tempo e que isto é algo que non se pode dicir de moitas outras entidades.

Responde a concelleira de Foro Lugo dicindo que o que ten que facer o Alcalde é cumprir a lei como cómpre facer nun estado de dereito e non botarlle a culpa ós demais.

O Alcalde e voceiro do PP asegúralle á concelleira que a súa intención é aprobar os orzamentos o antes posible pero que non se lle pode esixir que faga aquilo que non depende del senón doutras administración, engandindo que, por suposto, a súa intención é cumprir a lei sempre.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción.

Realizada a votación, a moción resulta a rexeitada con sete votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos restantes grupos políticos municipais.

5.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS

Iníciase este punto da orde do día coa lectura polo Secretario, en viva voz, do escrito de preguntas formulado pola voceira do grupo municipal de Foro Lugo Independiente con número de rexistro 1303 e data de 25 de abril de 2016, do seguinte teor literal:

“Doña María Magdalena Ron Villar portavoz (FLI) en esa corporación municipal y al amparo de lo establecido por la ley 711985, de 02 abril, reguladora de las bases de régimen local y el real decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de organización funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales en su artículo 97.7.-

FORMULAN LAS SIGUIENTES PREGUNTAS:

PRIMERA.- Procedimientos Judiciales pendientes en el Concello,

diferenciando los que es parte denunciada y los que actúa como denunciante, al igual que los distintos motivos.

SEGUNDA.- Las indemnizaciones por razón de servicio, ¿cómo se justifican y dónde se asienta su control?

TERCERA.- Tipo de control que se realiza en relación al carburante consumido por los distintos vehículos y maquinaria perteneciente al Concello

CUARTA.- En relación a factura de 3.335 € por comidas feria artesanía 2.015, personal asistente a la misma.

En Outeiro de Rei a 19 de Abril de 2016”

A solicitude do Alcalde, o Secretario contesta a dúas preguntas de contido técnico-xurídico presentadas por Foro Lugo relativas a procedementos xudiciais pendentes no Concello e á tramitación administrativa preceptiva nunha actuación municipal

A continuación, o Alcalde explica o tipo de control que se leva a cabo sobre o uso de combustible usado polos vehículos municipais e que consiste en asentar os datos nun libro cada día e achegar as correspondentes facturas.

Polo que respecta a unha factura dunha comida desenvolvida co gallo da feira de artesanía de Outeiro, o Alcalde resposta que se trataba dunha comida que lle pagaba o Concello aos colaboradores deste evento: integrantes da banda de música, traballadores forestais, participantes na exhibición de coches clásicos, entre outros colaboradores deste evento.

Escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG, con número de rexistro 1343 e data de 28 de abril de 2016, do seguinte teor literal:

“SOBRE A CONTESTACIÓN POR PARTE DA ALCALDÍA ÁS ALEGACIONES DAS PERSOAS AFECTADAS POLO PROXECTO DE DELIMITACIÓN DE POLÍGONOS URBANOS NA VILA DE OUTEIRO DE REI

Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Xa hai máis dun ano que dende a Alcaldía de Outeiro de Rei se promoveu o proxecto de Delimitación de Polígonos Urbanos na vila de Outeiro de Rei, proxecto que, como de todos e todas é sabido, provocou un total rexeitamento por parte da poboación en xeral e das persoas afectadas en particular.

Debido a ese rexeitamento xeneralizado e a que as persoas afectadas sentiron vulnerados os seus intereses, a práctica totalidade delas fixeron as correspondentes

alegacións ao proxecto, alegacións que despois de máis dun ano seguen a estar sen contestar, incrementando a sensación de inseguridade e desconfianza sobre todo o relacionado con este proxecto.

Como xa se dixo anteriormente nunha moción que presentou o Grupo Municipal do BNG, esta demora na contestación en modo algún pode ser imputado ao funcionariado municipal, pois o concello ten persoas dabondo e suficientemente profesionalizadas para poder levar a cabo esta tarefa no tempo transcorrido. Debido a isto, a única explicación posíbel sería que de trata dunha decisión política do Alcalde de impedir a contestación das devanditas alegacións, cuestión que dende o punto de vista deste Grupo do BNG resulta impresentábel políticamente así como moral e eticamente intolerábel.

Por todo iso, o Grupo Municipal do BNG fai ante este Pleno Municipal as seguintes preguntas:

PREGUNTAS:

- Ten o señor Alcalde intención de contestar ás alegacións feitas polas persoas afectadas polo Proxecto de Delimitación de Polígonos Urbanos da vila de Outeiro de Rei?.*

- En caso afirmativo a pregunta anterior, cando o vai vacer?. E en caso negativo, cal sería o motivo?*

- É posíbel que dada a tardanza na contestación a estas alegacións se puidera considerar que se produciu unha situación de silencio administrativo con carácter desistimatorio co que poderían estar caducada calquera actuación posterior destas persoas?*

En Outeiro de Rei, a 27 abril de 2016”

Con respecto á pregunta relativa á existencia de silencio administrativo, a instancias do Alcalde, o Secretario explica que, en tanto o procedemento de delimitación de polígonos iniciouse de oficio polo Concello, non é de aplicación a institución do silencio administrativo.

Dito isto, intervén o Alcalde para dicir que vai contestar esas alegacións porque, en contra do que se dixo, non ten intereses escurantistas senón todo o contrario. Todo o que se faga estudarse con rigor e analizando tódalas alternativas posibles, con suxeición á legalidade vixente, e buscando conxugar os intereses xerais e os particulares dos propietarios.

Escrito de Rogo, presentado polo grupo municipal do BNG, con número de rexistro 1344 e data de 28 de abril de 2016, do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte:

ROGO

Para a correcta ubicación do sinal existente na praza do concello indicador da casa museo de manuel maría así como para a colocación dos sinais necesarios polo resto da vila para indicar o camiño a esta casa-museo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por fin, e despois de moito tempo esperando, o concello decidiuse a colocar na praza do Concello un sinal indicador de onde se atopa a Casa Museo de Manuel María.

O problema radica en que debido a incorrecta colocación deste sinal, este pode inducir a erro, dirixindo incorrectamente as persoas que non coñecen o concello desexan dirixirse á Casa Museo de Manuel María.

Dado que como é sabido por todos e todas este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas ao noso poeta nacional e que isto vai levar consigo unha gran afluencia de persoas de fóra do concello á Casa de Hortas, perécenos que resulta primordial ter perfectamente sinalizada a Casa Museo.

Por todo iso, presentamos ante a señor Alcalde-Presidente deste Concello o seguinte

ROGO:

Que se proceda o antes posíbel a colocar correctamente o sinal existente na praza do Concello indicador da Casa Museo de Manuel María, así como que se proceda á colocación no resto da vila dos sinais necesarios para a correcta indicación deste museo.

En Outeiro de Rei, a 27 de abril de 2016”

Con respecto a este rogo, o Alcalde entende que a sinalización é correcta e axeitada e que se fixo tendo en conta o procedemento habitual de sinalización, en atención ao tipo de vía no que se instala e valorando o interese dos usuarios. Engade que o criterio seguido para colocar os sinais foi técnico polo que entende que é axeitado. Porén o sr. Pardo manifesta non ter inconveniente en variar o emprazamento dalgún sinal se así o consideran necesario.

A concelleira do grupo municipal do PSOE pregunta si se van a tratar as mocións que presentou no rexistro do concello.

O Alcalde lémbrale á concelleira do PSOE que se trata dunha moción presentada fóra de prazo e, en canto á urxencia, puntualiza que non hai datos obxectivos que amparen tal consideración. Matiza o rexedor que non se está estudando a urxencia desta moción pero que hai un motivo polo que non se trata nese momento: estase ao remate do pleno, logo de tres horas de sesión e a dita moción non se refire a nada excepcional que acontecera de xeito repentino senón que versa sobre cuestións xa existentes con

anterioridade.

Con respecto ao límite de dúas mocións por sesión plenaria e por grupo, explica o Alcalde que se trata dun sistema xeneroso e non limitativo, sobre todo se o comparamos con outras administración, como a Deputación, na que soamente se admiten dúas mocións malia ter 67 concellos a provincia de Lugo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, levántase a sesión, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

V^aP^o; O Alcalde